



## Concello de Pedrafita do Cebreiro

---

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS E OSCONCELLOS INTEGRANTES DA MANCOMUNIDADE PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA PAISAXÍSTICA E DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS 2024-2025

É obxecto do presente convenio definir os termos de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia cos concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela e coa Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés que os engloba, para as seguintes liñas de actuacións:

**Liña 1. Actuacións cos Concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.**

**Actuación 1-** Mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño Francés no seu paso polos citados concellos para prestar unha boa acollida aos/ás peregrinos/as. **32.000 Euros**

**Actuación 2.-** Gastos de persoal técnico para as oficinas de turismo dos concellos polos que transcorre o Camiño Francés en Galicia. **8.000Euros**

